

## **CONVENIO DE COLABORACION ENTRE A FUNDACION CIDADE DA CULTURA DE GALICIA E MEDIASIETE UNDATIA UTE PARA A REALIZACIÓN DO PROGRAMA TELEVISIVO “OS NOSOS SABIOS” EN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA**

En Santiago de Compostela, a 25 de Setembro de 2018

### **REUNIDOS**

Dunha parte a **FUNDACION CIDADE DA CULTURA DE GALICIA**, con domicilio social en Cidade da Cultura de Galicia situada en Santiago de Compostela, Monte Gaiás s/n, e provisto do NIF G15721640. Constituída o día 27 de decembro de 1999, ante o notario do Ilustre Colexio de don, con número de Protocolo. A Fundación está inscrita no rexistro de fundacións de interese galego co número 73.

Está representada neste acto por Ana Isabel Vázquez Reboredo, na súa condición de Directora-Xerente da Fundación Cidade da Cultura de Galicia, conforme aos poderes outorgados ao efecto polo Padroado da Fundación en data do 16 de decembro de 2016 poder escriturado ante o notario do Ilustre Colexio de don , con número de Protocolo , o día 19 de decembro de 2016.

E doutra parte, **MEDIASIETE COMMUNICATION AND PR CONSULTING S.L. & UNDATIA S.L., UNION TEMPORAL DE EMPRESAS, LEY 18/1982, DE 26 DE MAYO**, con domicilio social en Rúa Manuel Núñez, Nº 2, planta 3, porta 1 e provista do Número de Identificación Fiscal U27861509, constituída mediante escritura outorgada o 05 de setembro de 2018, ante o Notario do Ilustre Colexio de, baixo o número do seu protocolo.

Está representada neste acto por, con DNI, en calidade de, quen actúa mediante facultades de representación conforme a escritura de outorgamento de poderes, formalizada ante o ante o Notario do Ilustre Colexio de,, outorgada o día 05 de setembro de 2018, baixo o número do seu protocolo.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades para convir no nome das entidades que representan teñen conferidas e

### **EXPOÑEN**

Primeiro- Que a **Fundación Cidade da Cultura de Galicia** foi constituída o 27 de decembro de 1999, mediante escritura pública outorgada ante o Notario de, , co número do seu protocolo, como organización de natureza fundacional, de interese galego, sen ánimo de lucro, cun patrimonio afecto de maneira duradeira á realización dos fins de interese xeral propios da Institución.

Mediante a Orde da Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública do 11 de xaneiro de 2000, (DOG núm. 11 do 18 de xaneiro), clasificouse a Fundación Cidade da Cultura de Galicia como cultural e adscribiuse á Consellería de Cultura. Por Orde da Consellería de Cultura do 19 de xaneiro de 2000 (DOG núm. 26 do 8 de febreiro) declarouse de interese galego e inscribiuse no rexistro de fundacións desta consellería co número 73.

Esta Fundación Cidade da Cultura de Galicia forma parte do sector público da Comunidade Autónoma de Galicia. Na actualidade está adscrita á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria que exerce o seu protectorado e cuxo conselleiro ostenta a presidencia do Padroado, órgano reitor máximo da Fundación.

**Segundo-** Que a Fundación Cidade da Cultura de Galicia ostenta a titularidade da “Cidade da Cultura de Galicia” (CdC), un innovador e vangardista complexo construtivo, de singular valor arquitectónico e cultural, deseñado por Peter Eisenman, situado no monte Gaiás en Santiago de Compostela. A CdC inclúe diversas edificacións, infraestruturas, viales e zonas verdes, representando en conxunto un proxecto estratéxico de gran importancia dentro da vida cultural da Comunidade Autónoma de Galicia.

Segundo o artigo 6 dos estatutos da Fundación Cidade da Cultura de Galicia constitúe o seu obxecto social *“a creación, explotación e promoción de áreas ou centros de conservación, produción, exhibición e consumo cultural, comunicativo e tecnolóxico, que constitúa un espazo multifuncional, multidisciplinar e aglutinador, propicio á interacción cultural”*.

Para a consecución dos fins mencionados no punto anterior, e consonte o previsto no artigo 7 dos seus Estatutos, a FUNDACION pode realizar (en outras) as seguintes actividades:

*a) As necesarias para converterse nun actor clave na difusión cultural, que sirva de punto de encontro entre os cidadáns e a cultura.*

*b) As que contribúan a desempeñar un papel destacado no proceso de enriquecemento/aprendizaxe cultural da cidadanía, con especial énfase na adopción e uso das novas tecnoloxías.[...]*

*d) Cantas dinamicen o sistema cultural galego, promovendo a difusión e conservación da nosa cultura, e a formación dunha comunidade artística vibrante, atendendo tanto a autores de referencia como a novos talentos ou a cultura de base.*

*e) As que fomenten a interrelación e os proxectos en conxunto entre axentes de distintos ámbitos das industrias culturais e creativas, con especial énfase na cooperación interrexional e a colaboración pública e privada.[...]*

Así pois, en virtude do mandamento estatutario, a FUNDACIÓN promove a realización todo tipo de actividades de carácter cultural e de lecer, como mostra de integración da cultura internacional con actividades de espaxamento e eventos sociais, e que contribúen ao desenvolvemento e enriquecemento do seu público, e proporcionan valor engadido ó tecido cultural.

**Terceiro-** Que MEDIASIETE COMMUNICATION AND PR CONSULTING S.L. & UNDATIA S.L., UNION TEMPORAL DE EMPRESAS, LEY 18/1982, DE 26 DE MAYO é unha empresa galega que ten por obxecto social, entre outros, á produción de obras audiovisuais.

**Cuarto.-** Que MEDIASIETE COMMUNICATION AND PR CONSULTING S.L. & UNDATIA S.L., UNION TEMPORAL DE EMPRESAS, LEY 18/1982, DE 26 DE MAYO é a produtora de a serie OS NOSOS SABIOS, programa de TV que plantexa os seguintes obxectivos:

- Difundir o pensamento dalgunhas das grandes figuras de Galicia do último século en diferentes ámbitos (economía, ciencia, filosofía, educación, artes, cooperación, letras, deportes, etc.).
- Poñer en valor aos nosos sabios, aqueles que o son, non por acumular grandes coñecementos sobre unha determinada materia –que serían os especialistas ou expertos-, senón por saber desenvolver o seu coñecemento persoal coa intelixencia que dá a experiencia, persoas que nos axudaron a entender as cousas e capacitáronnos para reflexionar.
- Recuperar o xénero da entrevista en profundidade, nun formato que sirva tamén como homenaxe á traxectoria persoal e profesional de homes e mulleres que desempeñaron

un labor importante para Galicia e como agradecemento polo seu compromiso coa nosa sociedade.

- Dar visibilidade ás persoas maiores, unha xeración que actualmente recibe o menosprezo social e a ignorancia dos medios de comunicación, que premian a mocidade no ámbito informativo, no entretemento e na ficción.  
Contribuír a que Televisión de Galicia dispoña dun arquivo audiovisual exhaustivo de personaxes ilustres que viviron algúns dos momentos máis intensos do noso pasado máis recente.
- Contribuír a difusión da Cidade da Cultura de Galicia como espazo de referencia no eido cultural, empresarial e tecnolóxico de Galicia, dirixindo a atención do público cara o valor arquitectónico dos seus edificios e transmitindo unha imaxe actualizada do seu contido.

**Quinto.-** Que a ambas partes manifestan o seu interese en que se grave no Gaiás Cidade da Cultura de Galicia o programa 'Os nosos sabios', polo que as partes acordan a sinatura do presente convenio, consonte coas seguintes:

## CLÁUSULAS

### Primeira.- Obxecto

É obxecto do presente convenio, a cesión temporal a título gratuíto do Hall de Tirantes do Museo Centro Gaiás para a gravación do programa "Os nosos sabios" entre o sábado 6 e o xoves 11 de outubro –ambas datas incluídas- e entre o sábado 20 e o xoves 25 de outubro –ambas datas incluídas-.

MEDIASIEETE COMMUNICATION AND PR CONSULTING S.L. & UNDATIA S.L., UNION TEMPORAL DE EMPRESAS, LEY 18/1982, DE 26 DE MAYO declara que os espazos cedidos en virtude do presente convenio se encontran en perfecto estado e en condicións de servir ao uso ao que se destinan.

Así mesmo comprométese a, unha vez producida a resolución do presente Convenio ou a expiración da súa vixencia, a poñer os espazos e instalacións de forma inmediata a disposición da Fundación, no mesmo estado en que encontran no momento de sinatura do presente Convenio.

A MEDIASIEETE COMMUNICATION AND PR CONSULTING S.L. & UNDATIA S.L., UNION TEMPORAL DE EMPRESAS, LEY 18/1982, DE 26 DE MAYO non poderá levar a cabo modificación ningunha nas instalacións sen a autorización expresa da Fundación, e acepta neste acto as normas e condicións xerais aprobadas pola Cidade da Cultura de Galicia.

### **Segunda.- Obrigas da MEDIASIEETE COMMUNICATION AND PR CONSULTING S.L. & UNDATIA S.L., UNION TEMPORAL DE EMPRESAS, LEY 18/1982, DE 26 DE MAYO**

En virtude do presente convenio, a MEDIASIEETE COMMUNICATION AND PR CONSULTING S.L. & UNDATIA S.L., UNION TEMPORAL DE EMPRESAS, LEY 18/1982, DE 26 DE MAYO obrígase a:

- a) Comunicar á Fundación Cidade da Cultura de Galicia o plan de gravación do programa, especialmente todo o que implique prolongar o horario de apertura do edificio onde se desenvolva.
- b) A Fundación Cidade da Cultura coñecerá cun mes mínimo de antelación a listaxe de entrevistados, así como a data concreta da súa gravación. Calquera cambio sobre a

previsión de entrevistas deberá ser comunicado á Fundación Cidade da Cultura de Galicia.

- c) A produtora propiciará a organización de momentos de encontro/saúdo institucional entre os entrevistados e a directora-xerente ou o representante designado por parte Fundación Cidade da Cultura de Galicia.
- d) A produtora facilitará a entrega de agasallos e información institucional por parte da Fundación Cidade da Cultura aos convidados ao programa. Para este tipo de tarefas, a produtora identificará a un representante de protocolo que será o encargado de estar en contacto coa Fundación Cidade da Cultura.
- e) Seguir as directrices da Fundación Cidade da Cultura de Galicia con respecto á imaxe institucional corporativa da CdC para mantemento dunha unidade formal neste campo coa Fundación Cidade da Cultura de Galicia.
- f) A Fundación Cidade da Cultura de Galicia e a Xunta de Galicia deberán figurar nos créditos do programa de xeito visible con a expresión 'Coa colaboración de:' seguida dos logotipos da Fundación Cidade da Cultura e da Xunta de Galicia. Esta información deberá aparecer en pantalla ao remate de todos os programas e manterse en pantalla durante un tempo mínimo de 3", nunha imaxe na que non figuren outros logotipos.
- g) No inicio do programa deberá incluírse imaxes do exterior da Cidade da Cultura de xeito que permita contextualizar o espazo onde se están a realizar as entrevistas.
- h) En dos momentos durante a entrevista deberán inxerirse printers que recollan a denominación do espazo coa seguinte denominación: "Museo Centro Gaiás. Cidade da Cultura de Galicia"
- i) O presentador/a aludirá ao inicio da entrevista a que se atopan "no Museo Centro Gaiás, da Cidade da Cultura de Galicia".

A produtora garante que, na versión curta do programa, aparecerán imaxes que permitan identificar a Cidade da Cultura de Galicia, así como os logotipos da Fundación Cidade da Cultura e da Xunta baixo a etiqueta de 'Coa colaboración de'.

- j) A produtora enviará á Fundación Cidade da Cultura copia dun programa tipo , sempre previa emisión, para revisión da súa presenza corporativa (a CRTVG é quen aproba o contido final dos programas).
- k) A produtora informará previamente á Fundación Cidade da Cultura dos actos promocionais ou con presenza de medios (notas de prensa, roldas de prensa...) que organicen para dar difusión ao programa, sempre no caso de que os houbese, actos nos que estarán convidados representantes da Fundación na súa calidade de colaboradores (calquera comunicación pública do programa de tv debe ser aprobado pola CRTVG).
- l) A produtora garante o recoñecemento da Fundación Cidade da Cultura e da Xunta de Galicia como colaboradores en todos os materiais editoriais, audiovisuais ou dixitais editados en relación a este programa (dvds, vídeos, dossieres, libros...), onde se deberá recoller que as entrevistas foron gravadas no Museo Centro Gaiás da Cidade da Cultura, incluíndo algunha imaxe na que a Cidade da Cultura sexa claramente recoñecible.

- m) Limitar as actividades que afecten ás áreas e instalacións comúns dentro do complexo da Cidade da Cultura de Galicia, á programación comunicada previamente á Fundación.
- n) É responsabilidade da produtora a conservación e seguridade dos bens materiais e inmateriais que custodie, nos aspectos non previstos no contrato de seguro subscrito pola Fundación Cidade da Cultura de Galicia. Para elo, a MEDIASIETE COMUNICACION AND PR CONSULTING S.L. & UNDATIA S.L., UNION TEMPORAL DE EMPRESAS, LEY 18/1982, DE 26 DE MAYO deberá ter subscrita unha póliza de seguro que cubra de forma suficiente os riscos sobre mobiliario, efectos e equipamento de calquera tipo, incluído o informático, do que sexa propietaria ou sobre os que teña a responsabilidade de mantemento e coidado, que se encontren dentro das dependencias nas que se realizarán as actividades asociadas ao evento na CDC.
- A Fundación Cidade da Cultura non se fará responsable do roubo, perda ou deterioro de maquinaria, ferramentas, equipamento, instalacións ou de calquera outro elemento, que se encontren situados dentro do espazo cedido, sexa cal fora a causa que o produza dende o momento de vixencia do presente convenio.
- o) Contratar servizos de limpeza, vixilancia e mantemento extraordinarios durante a gravación do programa. Así mesmo, será do seu cargo a contratación do persoal que deba encargarse da recepción, almacenaxe e vixilancia do material almacenado pertencente a terceiros. No caso de que as necesidades de gravación aconsellen a apertura de espazos en horarios diferentes aos habituais de apertura ao público, a produtora deberá solicitar previamente á Fundación Cidade da Cultura, que poderá autorizalo o denegalo en función do custe da demanda.
- p) Xestionar e coordinar ao persoal contratado por MEDIASIETE COMUNICACION AND PR CONSULTING S.L. & UNDATIA S.L., UNION TEMPORAL DE EMPRESAS, LEY 18/1982, DE 26 DE MAYO, o cal dependerá exclusivamente da mesma e terá todos os dereitos e deberes inherentes á súa condición de empregador, sendo a FUNDACIÓN do todo allea as devanditas relacións laborais. Incumbe especificamente ao empregador o cumprimento das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social, e de seguridade e saúde no traballo.
- q) Identificar persoas, empresas e vehículos aos sos efectos de emisión de autorización a de acceso ás instalacións da Cidade da Cultura de Galicia. Igualmente dotará ao persoal propio ou alleo dos medios de identificación e acreditación necesarios para facilitar a vixilancia e seguridade do complexo da CdC.
- r) Velar por un uso racional do/s edificio/s e das súas instalacións con criterios de eficiencia económica e respecto ao medio ambiente, respectando as instrucións que se diten ao efecto.
- s) Non ceder a terceiros ningún tipo de dereito de uso de instalacións ou imaxe corporativa, incluídos os dereito de imaxe do complexo, sen autorización expresa da Fundación.
- t) Xestionar e coordinar as medidas de prevención de riscos laborais segundo a normativa vixente, incluída, de ser o caso, a coordinación de actividades empresariais prevista no Real Decreto 171/2004, de 30 de xaneiro, polo que se desenvolve o artigo 24 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de Prevención de Riscos laborais.
- u) Incorporarse ao Plan de Emerxencia e Evacuación do/s edificio/s.

**Terceira.- Obrigas da Fundación Cidade da Cultura de Galicia.**

En virtude do presente convenio, a FUNDACIÓN se obriga a:

- a) A cesión temporal a título gratuíto do Hall de Tirantes do Museo Centro Gaiás durante os días: 6, 7, 8, 9, 10, 11, 20, 21, 22, 23, 24, 25 de outubro de 2018. O acceso ao espazo estará prohibido ao público a través dun sistema de catenarias para evitar o paso aos visitantes e traballadores do museo.
- b) Facilitar un espazo próximo ao Hall de Tirantes do Museo Centro Gaiás para almacenar o material durante os días de gravación.
- c) O mantemento das instalacións, agás no caso do equipamento propio da MEDIASIETE COMMUNICATION AND PR CONSULTING S.L. & UNDATIA S.L., UNION TEMPORAL DE EMPRESAS, LEY 18/1982, DE 26 DE MAYO, a seguridade e o equipamento ordinario dos espazos.
- d) Contar cun seguro que cubra de forma suficiente a totalidade dos inmobles e instalacións fixas da CDC.
- e) A promoción da imaxe exterior e dos valores arquitectónicos da Cidade da Cultura de Galicia, así como a xestión dos dereitos de imaxe e marca.
- f) Velar pola consecución e mantemento dunha imaxe institucional corporativa común e de calidade para todos os centros ou entidades que desenvolvan as súas actividades no recinto da Cidade da Cultura de Galicia.
- g) A organización das visitas e resto das actividades dos Museo Centro Gaiás durante as datas propias de gravación para evitar, na medida do posible, ruídos que poidan interferir nas necesidades de gravación.
- h) A facilitar as indicacións técnicas e de seguridade necesarias para o desenvolvemento do programa.
- i) A autorizar o uso da galería de servizos e dos servizos de carga e descarga para facilitar o acceso dos equipos.
- j) A facilitar, en funcións das dispoñibilidade neses datas, mobiliario mínimo necesario para as gravacións.

**Cuarta.- Obrigas comúns.**

A MEDIASIETE COMMUNICATION AND PR CONSULTING S.L. & UNDATIA S.L., UNION TEMPORAL DE EMPRESAS, LEY 18/1982, DE 26 DE MAYO e a Fundación Cidade da Cultura de Galicia obríganse a:

- a) Velar polo cumprimento das obrigas que resulten deste convenio, poñendo en funcionamento os mecanismos de control que permitan avaliar o seu cumprimento.
- b) Desenvolver, a través dos instrumentos máis adecuados, un ámbito de coordinación horizontal.

**Quinta.- Financiamento**

Ambas partes financiarán os gastos derivados das obrigas que asumen con cargo aos seus orzamentos.

Serán por conta da MEDIASIETE COMMUNICATION AND PR CONSULTING S.L. & UNDATIA S.L., UNION TEMPORAL DE EMPRESAS, LEY 18/1982, DE 26 DE MAYO ademais dos gastos de persoal dependente, calquera que sexa o vínculo xurídico-laboral, o financiamento dos custos da súa actividade propia, tales como materiais publicitarios, material de oficina, material informático e de telecomunicacións e material en xeral, os de comunicacións (postais ou telefónicas), os custos directos da actividade propia da MEDIASIETE COMMUNICATION AND PR CONSULTING S.L. & UNDATIA S.L., UNION TEMPORAL DE EMPRESAS, LEY 18/1982, DE 26 DE MAYO.

Serán por conta da Fundación Cidade da Cultura de Galicia os custos **ordinarios** correspondentes á seguridade, limpeza, mantemento das instalacións, subministracións de enerxía, auga, seguros (excepto o de responsabilidade patrimonial ou o relativo aos bens propios ou en depósito custodiados pola MEDIASIETE COMMUNICATION AND PR CONSULTING S.L. & UNDATIA S.L., UNION TEMPORAL DE EMPRESAS, LEY 18/1982, DE 26 DE MAYO) ou impostos que afecten ao inmovible.

#### **Sexta.- Modificacións ou obras nas instalacións.**

Salvo que a Fundación Cidade da Cultura de Galicia o autorice previamente, por escrito, non se permitirán obras ou modificacións das instalacións cedidas temporalmente á MEDIASIETE COMMUNICATION AND PR CONSULTING S.L. & UNDATIA S.L., UNION TEMPORAL DE EMPRESAS, LEY 18/1982, DE 26 DE MAYO.

Non se permite a colocación de elementos que modifiquen a uniformidade ou estética dos espazos cedidos e MEDIASIETE COMMUNICATION AND PR CONSULTING S.L. & UNDATIA S.L., UNION TEMPORAL DE EMPRESAS, LEY 18/1982, DE 26 DE MAYO será o único responsable de cantos danos físicos ou materiais se ocasionen ás instalacións ou a terceiros, como consecuencia directa ou indirecta da súa actividade, eximindo de toda responsabilidade a Fundación Cidade da Cultura de Galicia.

#### **Sétima.- Limpeza**

A Fundación conta cun servizo de limpeza ordinario para todo o recinto da Cidade da Cultura de Galicia; no obstante, mentres estea vixente o presente convenio de cesión de espazos, a limpeza extraordinaria das instalacións, mobiliario e espazos obxecto de cesión segundo figura no obxecto do convenio, corresponden na súa totalidade a MEDIASIETE COMMUNICATION AND PR CONSULTING S.L. & UNDATIA S.L., UNION TEMPORAL DE EMPRESAS, LEY 18/1982, DE 26 DE MAYO, quen asume a responsabilidade de contar, en todo momento, cos recursos materiais e humanos que aseguren que antes, durante e despois dos días de utilización, que o recinto afectado pola cesión quede en perfecto estado.

Unha vez finalizada a relación contractual, a MEDIASIETE COMMUNICATION AND PR CONSULTING S.L. & UNDATIA S.L., UNION TEMPORAL DE EMPRESAS, LEY 18/1982, DE 26 DE MAYO deberá deixar os espazos e instalacións cedidas totalmente limpos de residuos; no caso de que a cesionario acumule entullos ou refugалlos, procederá á súa recollida conforme as condicións orixinais dos espazos e instalacións obxecto de cesión, sen prexuízo de que de non producirse tal recollida, se facture á MEDIASIETE COMMUNICATION AND PR CONSULTING S.L. & UNDATIA S.L., UNION TEMPORAL DE EMPRESAS, LEY 18/1982, DE 26 DE MAYO este servizo en partida independente, segundo tarificación ordinaria.

#### **Oitava.- Seguridade e control de acceso ao espazo.**

A Fundación conta cun servizo de seguridade ordinario para todo o recinto da Cidade da Cultura de Galicia, que continuará prestándose durante o período no que se ceden os espazos e instalacións.

Non obstante, o control de acceso aos espazos obxecto deste acordo e a seguridade interior dos mesmos, dependerán de MEDIASIETE COMMUNICATION AND PR CONSULTING S.L. & UNDATIA S.L., UNION TEMPORAL DE EMPRESAS, LEY 18/1982, DE 26 DE MAYO e a tal fin, contará co persoal que estime oportuno e establecerá para o devandito persoal, os horarios que este determine en función das necesidades do evento. O persoal de control de acceso levará de forma visible e permanente un distintivo que o identifique e o acredite como tal, que deberá ser validado pola FUNDACIÓN.

O exercicio do dereito de admisión, ás instalacións e espazos cedidos, corresponderá a MEDIASIETE COMMUNICATION AND PR CONSULTING S.L. & UNDATIA S.L., UNION TEMPORAL DE EMPRESAS, LEY 18/1982, DE 26 DE MAYO, se ben, no caso de non permitir a entrada de calquera persoa á zona cedida, de xeito debidamente xustificado, MEDIASIETE COMMUNICATION AND PR CONSULTING S.L. & UNDATIA S.L., UNION TEMPORAL DE EMPRESAS, LEY 18/1982, DE 26 DE MAYO poderá contar coa colaboración do persoal de seguridade de FUNDACIÓN, co fin de asegurar o abandono das instalacións das persoas non admitidas.

MEDIASIETE COMMUNICATION AND PR CONSULTING S.L. & UNDATIA S.L., UNION TEMPORAL DE EMPRESAS, LEY 18/1982, DE 26 DE MAYO é responsable do trato que, o persoal ao seu cargo, dispense ao público asistente.

#### **Novena.- Plan de Actuación ante Emerxencias**

En cumprimento da normativa aplicable en materia de autoprotección, a Fundación dispón dun Plan de actuación ante emerxencias vixente para o conxunto de edificacións e áreas urbanizadas do complexo do Gaiás. Por razóns de seguridade, a cesionaria deberá incorporarse ao Plan de Emerxencia e Evacuación do edificio.

Non obstante o anterior, con 15 días de antelación ao inicio dos traballos de montaxe do evento determinarase por parte do Director do Plan de Autoprotección Único da Cidade da Cultura de Galicia se resulta necesario a Elaboración dun Plan de Autoprotección Complementario para o evento.

#### **Décima.- Mantemento**

Durante a utilización das instalacións e dos espazos cedidos, a MEDIASIETE COMMUNICATION AND PR CONSULTING S.L. & UNDATIA S.L., UNION TEMPORAL DE EMPRESAS, LEY 18/1982, DE 26 DE MAYO será responsable da conservación e mantemento das zonas afectadas por cesión asumindo o compromiso de mantelas en perfecto estado en todo momento.

Se ao final do período de utilización das instalacións e dos espazos cedidos se tivese deteriorado algunha instalación ou espazo, a MEDIASIETE COMMUNICATION AND PR CONSULTING S.L. & UNDATIA S.L., UNION TEMPORAL DE EMPRESAS, LEY 18/1982, DE 26 DE MAYO comprométese a repoñelas á súa costa ao seu estado orixinal.

En todo caso, na data de sinatura do presente documento, a MEDIASIETE COMMUNICATION AND PR CONSULTING S.L. & UNDATIA S.L., UNION TEMPORAL DE EMPRESAS, LEY 18/1982, DE 26 DE MAYO deberá acreditar a constitución dunha póliza de seguros de responsabilidade civil, para responder dos danos persoais e materiais derivados da utilización dos espazos e instalacións cedidos e das actividades organizados pola MEDIASIETE

COMUNICATION AND PR CONSULTING S.L. & UNDATIA S.L., UNION TEMPORAL DE EMPRESAS, LEY 18/1982, DE 26 DE MAYO. A acreditación realizarase mediante a presentación da copia da póliza e xustificante do pago da prima de contratación do seguro.

#### **Undécima.- Condicións de utilización das instalacións i espazos cedidos.**

En ningún caso a utilización pola MEDIASIETE COMMUNICATION AND PR CONSULTING S.L. & UNDATIA S.L., UNION TEMPORAL DE EMPRESAS, LEY 18/1982, DE 26 DE MAYO das instalacións ou espazos obxecto deste convenio poderá alterar o normal funcionamento de servizos e actividades da Fundación e da Cidade da Cultura de Galicia, nin poderá afectar a salas de exhibición temporal de fondos daquela cando nestas se estean a celebrar exposicións.

A Fundación establece os seguintes requisitos necesarios para formalizar a cesión das instalacións e espazos solicitados, que deberán ser aceptados pola MEDIASIETE COMMUNICATION AND PR CONSULTING S.L. & UNDATIA S.L., UNION TEMPORAL DE EMPRESAS, LEY 18/1982, DE 26 DE MAYO :

- A MEDIASIETE COMMUNICATION AND PR CONSULTING S.L. & UNDATIA S.L., UNION TEMPORAL DE EMPRESAS, LEY 18/1982, DE 26 DE MAYO deberá respectar os horarios de apertura e peche das instalacións establecidos pola Fundación; en todo caso o acceso a zonas comúns e de traballo estarán dispoñibles os días hábiles que anualmente determina o calendario laboral local.
- Tras a finalización da relación contractual, a MEDIASIETE COMMUNICATION AND PR CONSULTING S.L. & UNDATIA S.L., UNION TEMPORAL DE EMPRESAS, LEY 18/1982, DE 26 DE MAYO deixará os espazos nas mesmas condicións nas que se encontraban no momento da súa ocupación polo Cesionario.
- Cumpriranse todas as normas establecidas pola Fundación para a seguridade e, no seu caso, a conservación, cuxo incumprimento supón a resolución do convenio.

#### **Duodécima.- Difusión de imaxes da Cidade da Cultura de Galicia.**

A reprodución, difusión e comunicación das imaxes, sons, ou documentación por parte da MEDIASIETE COMMUNICATION AND PR CONSULTING S.L. & UNDATIA S.L., UNION TEMPORAL DE EMPRESAS, LEY 18/1982, DE 26 DE MAYO para un fin diferente ao programa 'Os nosos sabios', en canto inclúa referencias ou imaxes, externas ou internas das instalacións, espazos ou zonas correspondentes á Fundación en calquera medio de difusión impreso, audiovisual, Internet, ou en calquera soporte, físico ou virtual, requirirá a aprobación expresa e por escrito da Fundación.

#### **Décimo terceira.- Cesión e subcontratación**

En ningún caso se admite a cesión ou subcontratación dos espazos ou instalacións obxecto do presente Convenio.

#### **Décimo cuarta.- Confidencialidade e conflito de intereses**

A información e documentación que se xere con motivo do convenio, será propiedade exclusiva da parte que a xere. Ningunha das partes poderá divulgar a devandita información sen o previo consentimento por escrito da outra parte, salvo nos casos previstos legalmente, así como cando esta sexa requirida por algún órgano e/ou institución administrativa ou xudicial de conformidade ao procedemento legalmente establecido.

A información que as partes proporcionen ou coñezan, por motivo do convenio, será considerada estritamente confidencial, polo que quedan obrigadas a non a revelar a terceiras

persoas alleas ás partes. Por tal motivo, as partes tomarán as medidas necesarias para evitar a divulgación da información que por motivo ou consecuencia dos servizos obxecto do convenio manexen outras persoas, e evitando tamén que terceiras persoas alleas ás partes non teñan acceso a ela.

En caso de que a información proporcionada polas partes chegase ao coñecemento de terceiras persoas alleas a estas por dolo, negligencia ou mala fe imputable a algunha das partes e/ou o seu persoal, a parte responsable deberá responder polos danos e prexuízos ocasionados á outra, sen prexuízo das responsabilidades e sancións legalmente previstas.

#### **Décimo quinta.- Vixencia.**

A vixencia do presente acordo se circunscribe á duración prevista para a realización do 'Os nosos sabios' e os días precisos para tarefas de montaxe e desmontaxe, sen posibilidade de prórroga.

O convenio conservará a súa vixencia no caso de que varíen a denominación, razón social o natureza xurídica de calquera das entidades convenientes, sempre que as sucedan outras entidades que asuman as competencias sobre os espazos e as materias obxecto deste convenio.

A expiración do convenio polo transcurso do tempo pactado non outorga dereito a reclamar indemnizacións.

As condicións da montaxe e instalación e traslado de persoal e materiais á Cidade da Cultura deberá autorizalo a Fundación de xeito expreso, polo que a empresa deberá presentar un proxecto escrito coas necesidades de instalacións que precise.

#### **Décimo sexta.- Causas de Resolución.**

Serán causas de resolución do presente acordo:

1. O acordo mutuo entre as partes.
2. O incumprimento sistemático e continuado das cláusulas contidas nel.
3. A falsidade ou inexactitude dos datos e circunstancias subministrados á FUNDACIÓN.
4. A deficiencia no uso das instalacións e espazos cedidos.
5. A cesión ou subcontratación das instalacións ou espazos cedidos.
6. O comportamento irregular do persoal de MEDIASIETE COMMUNICATION AND PR CONSULTING S.L. & UNDATIA S.L., UNION TEMPORAL DE EMPRESAS, LEY 18/1982, DE 26 DE MAYO
7. As disposicións normativas ou, de ser o caso, acordos polas que extingan as partes ou se dispoñan outros usos para a Cidade da Cultura de Galicia.
8. O incumprimento dalgunha das demais obrigas contidas no presente acordo ou na normativa civil aplicable.
9. A denegación das autorizacións e licenzas que procedan, así como os demais incumprimentos da normativa reguladora en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas.

A resolución por incumprimento de MEDIASIETE COMMUNICATION AND PR CONSULTING S.L. & UNDATIA S.L., UNION TEMPORAL DE EMPRESAS, LEY 18/1982, DE 26 DE MAYO extingue o dereito deste a reclamar indemnización algunha por ningún concepto.

O asinamento deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre a Fundación Cidade da Cultura e os profesionais que vaian desenvolver as

actividades previstas no convenio ou terceiros que colaboren na realización do evento ben coa prestacións de servizos persoais e/ou profesionais, ou ben coa entrega de bens e subministracións a MEDIASIE TE COMUNICACION AND PR CONSULTING S.L. & UNDATIA S.L., UNION TEMPORAL DE EMPRESAS, LEY 18/1982, DE 26 DE MAYO de tal xeito que non se lle poderá esixir á Fundación Cidade da Cultura de Galicia, responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento deste documento contractual.

#### **Décimo sétima.- Protección de datos de carácter persoal**

Os datos de carácter persoal relativos ás persoas que asinan o presente convenio, así como os demais datos que se obteñan como consecuencia do mantemento e/ou cumprimento do mesmo, serán incorporados aos ficheiros da FUNDACIÓN para que esta poida efectuar o tratamento, automatizado ou non, dos referidos datos de carácter persoal para os efectos da xestión da relación entre a FUNDACIÓN e MEDIASIE TE COMUNICACION AND PR CONSULTING S.L. & UNDATIA S.L., UNION TEMPORAL DE EMPRESAS, LEY 18/1982, DE 26 DE MAYO que neste convenio se estableza.

Os datos serán conservados durante todo a relación que une a ambas as Partes, conservándoos posteriormente durante o prazo previsto pola normativa legal, especialmente a fiscal e/ou contable.

A referida persoa terá dereito a acceder aos seus datos persoais, así como a solicitar a rectificación dos datos inexactos ou, no seu caso, solicitar a súa supresión cando, entre outros motivos, os datos xa non sexan necesarios para os fins que foron recollidos. En determinadas circunstancias, poderaos solicitar a limitación do tratamento dos seus datos, nese caso a FUNDACIÓN conservaraos para o exercicio ou a defensa de reclamacións. En determinadas circunstancias e por motivos relacionados coa súa situación particular, poderá opoñerse ao tratamento dos seus datos. Para todo iso, poderá dirixir un escrito á seguinte dirección: Cidade da Cultura de Galicia, Edificio CINC terceira planta (Monte Gaiás) de Santiago de Compostela (A Coruña)

Por outra parte, no caso de que a prestación dos servizos do presente convenio faga necesario que a FUNDACIÓN teña acceso aos datos de carácter persoal de cuxo tratamento sexa titular o MEDIASIE TE COMUNICACION AND PR CONSULTING S.L. & UNDATIA S.L., UNION TEMPORAL DE EMPRESAS, LEY 18/1982, DE 26 DE MAYO, en diante e para os efectos desta cláusula, identificada como Responsable do Ficheiro, a FUNDACIÓN será considerada, tamén, como Encargado do Tratamento, segundo as previsións establecidas polo Regulamento 2016/679 Europeo de Protección de Datos, nos seus artigos 28 e seguintes.

Os datos serán tratados polo Encargado do Tratamento conforme as instrucións do Responsable do Ficheiro, así como no presente convenio e cos límites sinalados na normativa vixente na materia.

O encargado do tratamento e todo o seu persoal obrígase a:

- a. Utilizar os datos persoais obxecto de tratamento, ou os que recolla para a súa inclusión, só para a finalidade obxecto deste encargo. En ningún caso poderá utilizar os datos para fins propios.
- b. Tratar os datos de acordo coas instrucións do responsable do tratamento.

Se o encargado do tratamento considera que algunha das instrucións infrinxe o RGPD ou calquera outra disposición en materia de protección de datos da Unión ou dos Estados membros, o encargado informará inmediatamente ao responsable.

c. Levar, por escrito, un rexistro de todas as categorías de actividades de tratamento efectuadas por conta do responsable, que conteña:

1. O nome e os datos de contacto do encargado ou encargados e de cada responsable por conta do cal actúe o encargado e, no seu caso, do representante do responsable ou do encargado e do delegado de protección de datos.
2. As categorías de tratamentos efectuados por conta de cada responsable.
3. No seu caso, as transferencias de datos persoais a un terceiro país ou organización internacional, incluída a identificación de devandito terceiro país ou organización internacional e, no caso das transferencias indicadas no artigo 49 apartado 1, parágrafo segundo do RGPD, a documentación de garantías adecuadas.
4. Unha descrición xeral das medidas técnicas e organizativas de seguridade relativas a:
  - a) A seudonimización e o cifrado de datos persoais.
  - b) A capacidade de garantir a confidencialidade, integridade, dispoñibilidade e resiliencia permanentes dos sistemas e servizos de tratamento.
  - c) A capacidade de restaurar a dispoñibilidade e o acceso aos datos persoais de forma rápida, en caso de incidente físico ou técnico.
  - d) O proceso de verificación, avaliación e valoración regulares da eficacia das medidas técnicas e organizativas para garantir a seguridade do tratamento.

d. Non comunicar os datos a terceiras persoas, salvo que conte coa autorización expresa do responsable do tratamento, nos supostos legalmente admisibles. O encargado pode comunicar os datos a outros encargados do tratamento do mesmo responsable, de acordo coas instrucións do responsable. Neste caso, o responsable identificará, de forma previa e por escrito, a entidade á que se deben comunicar os datos, os datos para comunicar e as medidas de seguridade a aplicar para proceder á comunicación.

Se o encargado debe transferir datos persoais a un terceiro país ou a unha organización internacional, en virtude do Dereito da Unión ou dos Estados membros que lle sexa aplicable, informará o responsable desa existencia legal de maneira previa, salvo que tal Dereito o prohiba por razóns importantes de interese público.

e. Non subcontratar ningunha das prestacións que formen parte do obxecto deste contrato que comporten o tratamento de datos persoais, salvo os servizos auxiliares necesarios para o normal funcionamento dos servizos do encargado.

Se fose necesario subcontratar algún tratamento, este feito deberase comunicar previamente e por escrito ao responsable, cunha antelación de sete días, indicando os tratamentos que se pretende subcontratar e identificando de forma clara e inequívoca a empresa subcontratista e os seus datos de contacto. A subcontratación poderá levar a cabo se o responsable non manifesta a súa oposición no prazo establecido.

O subcontratista, que tamén terá a condición de encargado do tratamento, está obrigado igualmente a cumprir as obrigacións establecidas neste documento para o encargado do tratamento e as instrucións que dite o responsable. Corresponde ao encargado inicial regular a nova relación de forma que o novo encargado quede suxeito ás mesmas condicións (instrucións, obrigacións, medidas de seguridade...) e cos mesmos requisitos formais que el, no referente ao adecuado tratamento dos datos persoais e á garantía dos dereitos das persoas afectadas. No caso de incumprimento por parte do subencargado, o encargado inicial seguirá sendo plenamente responsable ante responsable en lo referente ao cumprimento das obrigacións.

f. Manter o deber de segredo respecto dos datos de carácter persoal aos que tivese acceso en virtude do presente encargo, mesmo despois de que finalice o seu obxecto.

g. Garantir que as persoas autorizadas para tratar datos persoais comprométanse, de forma expresa e por escrito, a respectar a confidencialidade e a cumprir as medidas de seguridade correspondentes, das que hai que informarlles convenientemente.

h. Manter a disposición do responsable a documentación acreditativa do cumprimento da obrigaón establecida no apartado anterior.

i. Garantir a formación necesaria en materia de protección de datos persoais das persoas autorizadas para tratar datos persoais.

j. Asistir ao responsable do tratamento na resposta ao exercicio dos dereitos de:

1. Acceso, rectificación, supresión e oposición
2. Limitación do tratamento
3. Portabilidade de datos
4. A non ser obxecto de decisións individualizadas automatizadas (incluída a elaboración de perfís)

Cando as persoas afectadas exerzan os dereitos de acceso, rectificación, supresión e oposición, limitación do tratamento, portabilidade de datos e a non ser obxecto de decisións individualizadas automatizadas, ante o encargado do tratamento, este debe comunicalo por correo electrónico á dirección [ciidade.cultura@xunta.gal](mailto:ciidade.cultura@xunta.gal). A comunicación debe facerse de forma inmediata e en ningún caso máis aló do día laborable seguinte ao da recepción da solicitude, xuntamente, no seu caso, con outras informacións que poidan ser relevantes para resolver a solicitude.

k. O encargado do tratamento, no momento da recollida dos datos, debe facilitar a información relativa aos tratamentos de datos que se van a realizar. A redacción e o formato en que se facilitará a información débese acordar co responsable antes do inicio da recollida dos datos.

l. Notificación de violacións da seguridade dos datos: o encargado do tratamento notificará ao responsable do tratamento, sen dilación indebida, e en calquera caso antes do prazo máximo de 24 horas, e a través de correo electrónico, as violacións da seguridade dos datos persoais ao seu cargo das que teña coñecemento, xuntamente con toda a información relevante para a documentación e comunicación da incidencia.

Non será necesaria a notificación cando sexa improbable que dita violación da seguridade constituía un risco para os dereitos e as liberdades das persoas físicas.

Se se dispón dela facilitarase, como mínimo, a información seguinte:

- a) Descrición da natureza da violación da seguridade dos datos persoais, inclusive, cando sexa posible, as categorías e o número aproximado de interesados afectados, e as categorías e o número aproximado de rexistros de datos persoais afectados.
- b) O nome e os datos de contacto do delegado de protección de datos ou doutro punto de contacto no que poida obterse máis información.
- c) Descrición das posibles consecuencias da violación da seguridade dos datos persoais.
- d) Descrición das medidas adoptadas ou propostas para poñer remedio á violación da seguridade dos datos persoais, incluíndo, se procede, as medidas adoptadas para mitigar os posibles efectos negativos. Se non é posible facilitar a información simultaneamente, e na medida en que non o sexa, a información facilitarase de maneira gradual sen dilación indebida.

Corresponde ao encargado do tratamento comunicar as violacións da seguridade dos datos á Autoridade de Protección de Datos. A comunicación conterá, como mínimo, a información seguinte:

- a) Descrición da natureza da violación da seguridade dos datos persoais, inclusive, cando sexa posible, as categorías e o número aproximado de interesados afectados, e as categorías e o número aproximado de rexistros de datos persoais afectados.
  - b) Nome e datos de contacto do delegado de protección de datos ou doutro punto de contacto no que poida obterse máis información.
  - c) Descrición das posibles consecuencias da violación da seguridade dos datos persoais.
  - d) Descrición das medidas adoptadas ou propostas para poñer remedio á violación da seguridade dos datos persoais, incluíndo, se procede, as medidas adoptadas para mitigar os posibles efectos negativos.
- Se non é posible facilitar a información simultaneamente, e na medida en que non o sexa, a información facilitarase de maneira gradual sen dilación indebida.

m. Dar apoio ao responsable do tratamento na realización das avaliacións de impacto relativas á protección de datos, cando cumpra.

n. Dar apoio ao responsable do tratamento na realización das consultas previas á autoridade de control, cando cumpra.

o. Poñer disposición do responsable toda a información necesaria para demostrar o cumprimento das súas obrigacións, así como para a realización das auditorías ou as inspeccións que realicen o responsable ou outro auditor autorizado por el.

p. Implantar os mecanismos para:

- a) Garantir a confidencialidade, integridade, dispoñibilidade e resiliencia permanentes dos sistemas e servizos de tratamento.
- b) Restaurar a dispoñibilidade e o acceso aos datos persoais de forma rápida, en caso de incidente físico ou técnico.
- c) Verificar, avaliar e valorar, de forma regular, a eficacia das medidas técnicas e organizativas implantadas para garantir a seguridade do tratamento.
- d) Seudonimizar e cifrar os datos persoais, no seu caso.

q. Designar un delegado de protección de datos e comunicar a súa identidade e datos de contacto ao responsable.

r. Devolver ao responsable do tratamento os datos de carácter persoal e, se procede, os soportes onde consten, unha vez cumprida a prestación.

A devolución debe comportar o borrado total dos datos existentes nos equipos informáticos utilizados polo encargado. Con todo, o encargado pode conservar unha copia, cos datos debidamente bloqueados, mentres poidan derivarse responsabilidades da execución da prestación.

#### **Décimo Oitava.- Natureza xurídica do convenio e xurisdición aplicable**

O presente Convenio de Colaboración ten carácter privado e está excluído do ámbito de aplicación Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público,

pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español ás directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 , segundo dispón o artigo 4 6 desta normativa.

Conforme ao previsto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, este convenio incluírase no Rexistro de convenios da Xunta de Galicia a que se refire o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, o convenio será remitido ao Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia para a súa publicación, pero non conleva a autorización para o tratamento de datos de carácter persoal de asinantes ou terceiros.

As partes sométense, con renuncia a calquera outro foro que puidese corresponderlles, á xurisdición dos Xulgados e Tribunais do partido xudicial ao que pertence o municipio onde radican as instalacións de Cidade da Cultura, para a resolución de calquera cuestión litixiosa que puidese derivarse da interpretación ou do cumprimento do presente convenio.

O que en proba de conformidade asinan por duplicado no lugar e data indicados no encabezamento.

**Pola Fundación Cidade da Cultura**

**Por MEDIASIETE COMMUNICATION  
AND PR CONSULTING S.L. &  
UNDATIA S.L., UNION TEMPORAL DE  
EMPRESAS, LEY 18/1982, DE 26 DE  
MAYO**

**ANA ISABEL VÁZQUEZ REBOREDO  
DIRECTORA-XERENTE**